

17 DE MAIO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2019

CO GALEGO

a todas partes e sempre



CO GALEGO A TODAS PARTES E SEMPRE

Afastemos os negros presaxios que queren os agoreiros voitres para a lingua galega. Liberémola da liturxia e do inmovilismo. Teñamos a ousadía de crebar a opresión da burguesía, pois, nesta terra, a conciencia de clase únese á conciencia de lingua.

Imaxinemos que existe un corazón que latexa grazas ao alento de todo un pobo, orgulloso da súa lingua, consciente da súa historia, defensor do seu esplendor patrimonial, seguro da súa funcionalidade administrativa e plenamente convencido da súa forza comunicativa.

Utopía?

Tal como vilipendian o comunismo, ou esfachan contra as fauces armadas do capital calquera atisbo de socialismo, pois iso, e non outra cousa, significa o rearme dos fascismos en toda Europa, cómpre asumir que vivimos un tempo de urxencia, de emerxencia para todo aquilo que se configura como diferente aos designios do gran capital.

Non esquezamos: o capital só procura rendibilidade e acumulación de beneficios. A defensa da lingua galega atenta, claramente, contra ese principio, pois para o capital só algunhas linguas merecen ser elevadas ao altar da adoración económica (por iso, a dereita, de forma unilateral, ideou unha aberración agochada baixo o

eufemismo de 'decreto do plurilingüismo'). Para o gran capital é evidente que as linguas minorizadas son unha rémora, unha lousa que cómpre eliminar ou, como moito, tolerar nun estadio museístico e folclórico.

Defendamos a utopía, en cada un dos municipios de Galicia e nas institucións europeas. Trátase dunha necesaria resistencia. Fronte ao pensamento único, pluralidade. Fronte á colonización lingüística, diversidade. Fronte á vulneración de dereitos, democracia. Fronte ao asimilacionismo, igualdade de oportunidades.

Aproveitemos esas eleccións municipais e europeas para que o galego sexa lingua de uso en todas partes e sempre, en todos os municipios de Galicia e nas institucións europeas. Poñamos en marcha todos os mecanismos necesarios para que podamos realizar calquera tramitación en lingua galega sen que represente unha carreira de obstáculos institucionais.

A uniformización recentralizadora que desexan os inimigos da democracia aceleraría o actual proceso de esfacelamento da lingua galega. Non o debemos permitir: o 26 M votemos conciencia de clase e conciencia de lingua.